



---

## GRUPO MUNICIPAL DE TEO

### MOCIÓN SOBRE A CLAUSURA E SELADO DO VERTEDOIRO DE TEO (na Lagoa-Luou)

---

En 1998, a empresa "IDOM" redactara o proxecto "Clausura e selado do vertedoiro de Teo" que, constituído por oito capítulos, tiña un custe total de 44.181.613 ptas.

No Pleno da Deputación Provincial celebrado o 30 de decembro de 1999 aprobouse a "4ª Fase de la Anualidad 1999 del PLAN 2000 de Protección del Medio Ambiente" no que se incluía o proxecto "Clausura e selado do vertedoiro de Teo", cun importe total do proxecto de 18.662.093 ptas. Esta primeira fase correspondía ao sellado superficial do vertedoiro.

A planificación plurianual establecía para esta obra 6.606.381 ptas en 1999 e 12.055.712 para o ano 2000, financiación que asumía integramente a Deputación (Circular do 15 de marzo de 2000, con Rexistro de entrada nº 547 o 23 de marzo de 2000)

Na circular citada sinalase que as obras e suministros do proxecto serán contratados polo Concello, aténdose a uns pregos tipos e unhas cláusulas administrativas aprobadas pola Deputación, entre outras, que se adjudicarán mediante subasta ou concurso aberto. Do mesmo xeito explicitase "A dirección e execución das obras será realizada polo Concello, sen prexuízo de que a Deputación realice as inspeccións que considere convintes" (O libramento dos cartos ao Concello realizaríase á vista das certificacións de execución remitidas polo Concello).

O 10 de xullo do ano 2000 realízase a apertura das plicas, proceso no que concursaron máis de media dúcea de empresas. Fóronlle adjudicadas as obras á empresa "Transportes y Maquinaria CP", que presentou un orzamento de execución de 11.736.590 ptas. Dado que isto supuña o 37% de baixa sobre o presuposto inicial, a empresa tivo que presentar xustificación documental da baixa.

No proxecto presentado, para o que se establecen 4 meses como prazo de execución, inclúanse catro capítulos:

*Suministro e colocación de material arxiloso homoxéneo para a súa utilización en impermeabilizantes e selados (2630,405 m<sup>3</sup>)*

*Suministro, extendido e compactación de xeocomposto de drenaxe, incluso p.p. de solapes, unións e controis internos, totalmente terminado e en servizo (6808,26 m<sup>2</sup>)*

*Suministro, aporte e extendido de terra vexetal de primeira calidade en capas de 0,3 de espesor (2042,478 m<sup>3</sup>)*

*Suministro, extendido e colocación de xeosintético de estabilización en talude, incluso p.p. de solapes, unións e controis internos, totalmente terminados e en servicio*

O 30 de xullo do ano 2000 o Alcalde, D. Armando Blanco, asina o nomeamento como director de obra do enxeñeiro de camiños D. Gilberto Rodríguez Rodríguez.

O primeiro problema detectado plásmase no escrito do 23 de novembro de 2001 (Rexistro de saída 1547), elevado polo Alcalde de Teo á Deputación, no que se expresa que "debido a los daños producidos por los últimos temporales que azotaron nuestra Comunidad durante el año 2000, no fue posible finalizar la obra en el tiempo previsto" (obsérvase que a obra fora contratada no verán do 2000 e este escrito é de ano e medio despois, finais do 2001). Neste mesmo escrito sinálase que se certificou o importe de 2.198.375 ptas, quedando por xustificar 9.538.215 ptas. Solicitábase, consecuentemente, unha prórroga no prazo de execución da obra.

Por último, unha circular da Deputación recibida no Concello o 10 de xuño do 2003 (Rexistro de Entrada nº 1369), lembráballe ao Concello a necesidade de certificar a execución das obras pendentes. Un mes máis tarde, o 11 de xullo de 2003 (nº Rexistro de Saída 1142), o Alcalde Armando Blanco remite un escrito á Deputación no que "comunica expresamente a renuncia á realización das obras polos motivos expostos no informe emitido polo Enxeñeiro de Camiños D. Gilberto Rodríguez, director da obra", (Informe que se adxunta a ese documento). Un escrito semellante xa fora remitido en decembro do ano 2002.

O director da obra fai constar no informe que certificou o 24 de outubro de 2000 a obra executada, por un valor de 2.198.375 ptas (partida correspondente ao suministro e colocación do material arxiloso homoxéneo para a súa utilización en impermeabilización e sellado). A esta información engade un párrafo digno da mellor traxicomedia do teatro nacional:

*Como consecuencia de no haber sido adjudicadas las obras en su totalidad, que corresponden a las partidas que deberían ser ejecutadas con anterioridad a las de las obras adjudicadas, no se pueden ejecutar las que restan de lo ya certificado.*

Esta é a historia dun dos capítulos máis negros da incompetencia e da negligencia dun goberno municipal, en Teo e, posiblemente, en toda Galiza.

Constátase unha vez máis a incapacidade do goberno municipal para levar adiante un proxecto, neste caso fundamental para a saúde e o benestar dos veciños e veciñas de Teo, no que nin sequera tiña que asumir custos económicos. A incapacidade para xestionar, asesorarse, controlar os procesor e tomar decisións necesarias en cada momento, levaron á perda dunha subvención básica para o desenvolvemento futuro do concello.

En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. A realización dunha auditoría técnica externa que determine o estado actual do vertedoiro e as alternativas posibles para darlle unha solución definitiva.

A selección da empresa auditora farase mediante un proceso no que estén representados todos os grupos da Corporación.

2. Encargar á Comisión informativa de Obras e Servicios a elaboración dun informe co obxecto de determinar as responsabilidades técnicas e administrativas (persoais e colectivas) do acontecido neste proceso.

Para a elaboración deste informe, que deberá ser presentado ao Pleno no prazo de dous meses, a comisión terá acceso a toda a documentación e poderá realizar as consultas técnicas que considere necesarias.

En Teo, a 24 de outubro de 2003

Asdo.: Rafael Sisto Edreira  
Portavoz Municipal suplente do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO